

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

***PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALERÍA DO CONCELLO DE AMES, A TRAVÉS DAS “TARXETAS BONO AMES PROGRESA 2022” E DESIGNACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA A ASOCIACIÓN XUNTANZA DE EMPRESARIOS DE AMES.***

### **EXPEDIENTE GD 13796/2021**

Visto o informe proposta de bases reguladoras e convocatoria de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello de Ames a través das tarxetas bono Ames Progresas así como a designación como entidade colaboradora á Asociación Xuntanza de Empresarios de Ames, suscrito polo técnico de promoción económica o 28.12.2021.

Visto o informe conxunto favorable de Secretaría e Intervención (informe do 28.12.2021).

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde ( decreto 1376/2021), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas á reactivación económica do comercio de hostalería do Concello de Ames, a través das tarxetas bono Ames Progresas, que figuran como anexo, procedendo a súa convocatoria.

**Segundo.** Designar a Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA) co CIF G15895527, de conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, como entidade colaboradora na xestión, tramitación, distribución e entrega da presente convocatoria de tarxetas bonos Ames Progresas.

A estos efectos aprobase o texto do convenio de colaboración a asinar con XEA e que figura como anexo deste acordo. Aos efectos de cumprimento do establecido no artigo 13 da LXS e nos artigos 18 a 29 do Regulamento que a desenvolve, a entidade XEA deberá aportar, antes da sinatura do Convenio, declaración responsable acreditativa do cumprimento do establecido no artigo 13 da LXS e nos artigos 18 a 29 do regulamento que a desenvolve.

**Terceiro.** Aprobar, dispoñer e recoñecer o gasto por importe de 80.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 4312.48000, do orzamento municipal en vigor, a favor entidade Xuntanza de Empresarios de Ames (G15895527), que actuará en nome do concello para xestionar e distribuír as subvencións destinadas aos bonos comercio.

**Cuarto.** Ordenar o pagamento anticipado de 80.000 euros a favor da asociación XEA (Xuntanza

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
30/12/2021 DCAFAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
30/12/2021 2298F3ED426B67361E08616BAFB22DC9DECE69E0

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde por delegación

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26F4B95D1D6A9184EB9

de Empresarios de Ames) CIF G15895527, unha vez que se proceda a sinatura do convenio.

**Quinto.** Publicar a presente convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

**Sexto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## ANEXO I

### BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALEIRA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DAS TARXETAS BONO “Ames Progresa”

#### PRIMEIRA. CONTEXTO.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación ocasionada pola Covid-19 de emerxencia de saúde pública a pandemia internacional. Ante a necesidade de conter a progresión da enfermidade, o Consello de Ministros, na súa reunión do 14 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, en cuxo artigo 7 establécense limitacións á liberdade de circulación das persoas.

Posteriormente, o Congreso dos Deputados autorizou ao Goberno para prorrogar o Estado de Alarma previamente decretado. As limitacións necesariamente impostas polo Estado de Alarma tiveron efectos negativos no ámbito económico. A este respecto suspendeuse a apertura ao público de locais e establecementos comerciantes polo miúdo, así como o desenvolvemento de actividades que non fosen as sinaladas en devandito Real Decreto como de primeira necesidade, acarrexando que moitas persoas que desempeñaban o seu traballo en establecementos comerciais e de hostalería, por conta propia ou allea, víronse obrigadas a suspender ou reducir a súa actividade considerablemente.

A pesar de que estes sectores renovaron a súa actividade con limitacións durante a época estival, están a atoparse con dificultades para poder sobrevivir no contexto actual, cunha segunda onda da pandemia causada polo Coronavirus SARS- CoV-2 activa, que levou de novo ao Goberno de España a declarar o estado de alarma a través do Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro e ao Goberno autonómico, en tanto que autoridade delegada, a ditar novas medidas restritivas que afectan excesivamente o comercio e a hostalería. Por este motivo, desde o Concello de Ames considérase fundamental prestarlles apoio nestes momentos, para tentar revitalizalos.

Para iso, o Concello de Ames considerou oportuno poñer en marcha a campaña Ames Progresa, a través da axuda aos potenciais consumidores para a adquisición de bonos de compra para investir no sector comercial e de hostalería de Ames, co obxecto de fomentar o consumo local e dinamizar a contorna urbana.

#### SEGUNDA. OBXECTO DA INICIATIVA.

O obxecto destas axudas é apoiar ao sector comercial e de hostalería do municipio de Ames, tratando de impulsar o consumo local a través da posta en funcionamento das tarxetas- bono “Ames Progresa” para investir os establecementos comerciais e de hostalería do municipio:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello de Ames outorgará, mediante o procedemento de concorrència non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoas maiores de 18 anos, para promover a reactivación económica a través do consumo nos establecementos locais de comercio e hostalería do municipio que se adhiran á iniciativa mediante o procedemento descrito no anexo II das presentes bases.

Nos termos dispostos no artigo 9.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames contará cunha entidade colaboradora para a xestión das axudas.

### **TERCEIRA. CRÉDITO DISPOÑIBLE.**

O Concello de Ames destina a esta convocatoria a cantidade de 80.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 4312.48000.

Dos que 75.000 euros son axudas directas á adquisición de bonos e os 5.000 euros restantes destináense a sufragar os custos de persoal, custos bancarios e demais custos que supoña a xestión da axuda.

Establécese a posibilidade de ampliar o crédito previa tramitación do expediente de modificación orzamentaria correspondente. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Neste caso publicarase a ampliación de crédito e a ampliación de prazo para presentar novas solicitudes.

### **CUARTA. BENEFICIARIOS**

Con carácter xeral, os beneficiarios/ as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Persoas maiores de 18 anos
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios coa AEAT e coa TXSS e co concello de Ames, para o que será suficiente presentar declaración responsable.

### **QUINTA. CARACTERÍSTICAS DA CAMPAÑA TARXETAS BONO “Ames Progresa”.**

As tarxetas-bono de compras “Ames Progresa” é unha campaña dirixida a promocionar os sectores de comercio e hostalería de Ames, co fin de reactivar a economía do municipio, impulsando o consumo consciente nos establecementos locais.

No marco desta iniciativa, as persoas beneficiarias poderán recargar ou mercar as tarxetas-bono de compras “Ames Progresa”, que servirán para o seu consumo exclusivo nos comercios de Ames adheridos á campaña.

Poderán adherirse á campaña todos os comercios e locais de hostalería e restauración do termo municipal de Ames, excepto os espazos de gran distribución destinados á alimentación (hipermercados ou supermercados pertencentes a grandes cadeas), as estacións de servizo de combustible, as salas de xogo/ apostas. Quedarán tamén excluídos as farmacias e demais establecementos sanitarios, así como os estancos. A modo aclaratorio quedan incluídos dentro da campaña as ópticas, as clínicas veterinarias, os psicotécnicos, as clínicas dentais, os establecementos ortopédicos e as parafarmacias.

As tarxetas tampouco serán válidas para a compra en tendas on- line, a través de Internet. A lista de establecementos adheridos á iniciativa publicarase tanto na páxina web da entidade colaboradora

([www.xuntanzadeempresariosdeames.gal](http://www.xuntanzadeempresariosdeames.gal)) como na páxina web do Concello de Ames a partir do día 01 de marzo de 2022.

A tarxeta-bono “Ames Progresa” é unha tarxeta prepago a través da cal o Concello de Ames poñerá ao dispor das persoas beneficiarias unha axuda igual ao 40% do valor da mesma. Poderase recargar as tarxetas bono da anterior campaña “Reactiva Ames” que funcionarán como unha tarxeta visa prepago, con banda magnética, sen chip nin PIN (anónimas) e cunha caducidade de ata 31 de decembro de 2022. Tamén poderanse adquirir tarxetas novas por valor de 50 € dos cales o 20 € serán por cargo do concello e 30 por cargo da persoa beneficiaria. Estas tarxetas poderán ser utilizadas en futuras promocións que se poñan en marcha desde o Concello de Ames.

O Concello de Ames cofinanciará dous tipos de tarxeta-bono “Ames Progresa”:

- RECARGA Tarxetas “Reactiva Ames” por valor de 50 euros. Do valor total da tarxeta o Concello de Ames achegará 20 euros e a persoa beneficiaria achegará 30 euros.
- RECARGA Tarxetas “Reactiva Ames ” de 100 euros. Do valor total da tarxeta o Concello de Ames achegará 40 euros e a persoa beneficiaria achegará 60 euros.

ADQUISICIÓN Tarxetas Novas “Ames Progresa” por valor de 50 euros. Do valor total da tarxeta o Concello de Ames achegará 20 euros e a persoa beneficiaria achegará 30 euros. Poñeranse a venda un total de 500 tarxetas novas por valor de 50 €.

Por tanto, a axuda do Concello de Ames é igual ao 40% do valor da tarxeta-bono solicitada pola persoa beneficiaria. Cada persoa poderá recargar un máximo de 1 tarxeta-bono; é dicir, cada persoa poderá recargar como máximo unha tarxeta bono de 50 € ou unha tarxeta bono de 100€. Aqueles usuarios que non figuren como posuidores dunha tarxeta bono do “Ames Progresa” poderán adquirir unha tarxeta Ames Progresa por 50€.

## SEXTA. SOLICITUDES, PRAZOS, LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

A convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia conforme o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de acordo co establecido no artigo cuarto da Resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, sobre a información a subministrará á BDNS

Lugar de presentación

As solicitudes para ser beneficiaria/ou da axuda a través da tarxeta-bono “Ames Progresa” deberanse presentar de maneira presencial nos lugares habilitados pola entidade colaboradora, que serán publicados tanto na páxina web do Concello como na páxina web da entidade colaboradora ([www.xuntanzadeempresariosdeames.gal](http://www.xuntanzadeempresariosdeames.gal)).

### Prazos :

As recargas e compra das tarxetas novas, poderanse efectuar a partir do 01 de marzo de 2022, data de inicio da campaña, e ata o 15 de marzo de 2022. A datas nas que poderán ser usadas as tarxetas nos establecementos adheridos serán do 01 de marzo de 2022 ata o 30 de abril de 2022.

Para a presentación da solicitude de recarga ou mercar unha tarxeta nova, utilizarase o formulario normalizado que consta como Anexo I desta convocatoria e que lle será facilitado pola entidade colaboradora nos lugares habilitados para o efecto, que serán publicados na páxina web do Concello de Ames e da entidade colaboradora ([www.xuntanzadeempresariosdeames.gal](http://www.xuntanzadeempresariosdeames.gal)) a partir do 01 de febreiro de 2022. Co formulario de solicitude, a persoa interesada deberá presentar o DNI, ou documento identificativo, a efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos para ser beneficiario

da axuda.

### **SÉTIMA. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E ADQUISICIÓN DA TARXETA-BONO “Ames Progresas”.**

A entidade colaboradora será quen valide a solicitude de todas aquelas persoas que cumpran os requisitos, habilitándolles así a posibilidade de adquirir a tarxeta bono “Ames Progresas” bonificada polo Concello.

A recarga das tarxetas-bono “Ames Progresas” levaráse a cabo nos mesmos lugares habilitados pola entidade colaboradora que para a presentación de solicitudes e haberá de realizarse de forma inmediata tras a validación da solicitude.

A recarga da tarxeta bono ou adquisición da nova tarxeta, previa achega do cofinanciamento correspondente por parte da persoa cuxa solicitude fose validada, implicará a concesión automática da axuda á devandita persoa. A tramitación e validación de solicitudes a recarga e a venda da tarxeta bono correspondente será levada a cabo pola entidade colaboradora por estrita orde de entrada das devanditas solicitudes, conforme ao previsto na base segunda. A recarga e adquisición das tarxetas deberase formalizar pola persoa beneficiaria, en ningún caso se venderá nin se recargará ningunha tarxeta sen autorización por escrito da persoa beneficiaria, debendo ser necesario cubrir un formulario facilitado pola entidade colaboradora e debendo presentar os documentos de identidade das persoas incluídas no formulario. Ningunha tarxeta-bono ou importe da mesma será devolta en caso perda ou deterioro.

En caso de roubo deberá comunicar inmediatamente esta circunstancia á entidade colaboradora para que proceda a bloquear a tarxeta. Neste último caso, poderá solicitarse a devolución dos importes pendentes á entidade colaboradora, previa xustificación da denuncia interposta.

### **OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables as compras ou pagos que as persoas beneficiarias realicen nos establecementos adheridos á campaña “Ames Progresas”, cuxa relación será publicada na páxina web do Concello de Ames e na páxina web da entidade colaboradora ([www.xuntanzadeempresariosdeames.gal](http://www.xuntanzadeempresariosdeames.gal)), sempre que fosen realizados no período de duración da campaña 1, é dicir, entre o 01 de marzo de 2022 e o 30 de abril de 2022 .

### **NOVENA. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN.**

Tal e como dispón o artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia de en a persoa solicitante beneficiaria da circunstancia acreditada de ser maior de 18 anos non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, sen prexuízo do control que se poida requirir por parte da Intervención do Concello de Ames á entidade colaboradora para que acredite, tanto o pago do cofinanciamento das tarxetas “Ames Progresas” por parte das persoas beneficiarias como a realización do gasto nos establecementos adheridos á iniciativa.

A Intervención do Concello de Ames poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.

Unha vez activadas as tarxetas, as compras ou consumos realizados imputaranse en primeiro lugar á parte non subvencionada polo Concello, que se corresponde coa achega propia do beneficiario, e en



segundo lugar á parte subvencionada polo Concello.

A cantidade correspondente a saldo das tarxetas unha vez finalizada as campaña, será reintegrada ao Concello por parte da entidade colaboradora coa conta xustificativa da subvención ata o 15 de decembro de 2021.

#### **DÉCIMA.- NORMATIVA APLICABLE**

O marco normativo polo que se rexerá o programa de axudas está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou serán susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba ou o seu Regulamento. Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONS.**

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. OUTRAS SUBVENCIONS OU AXUDAS.**

As achegas concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con outras subvencións doutras administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME SANCIONADOR**

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, no seu caso, ao disposto no Código penal (Lei orgánica 10/95).

#### **DÉCIMO CUARTA: ENTIDADE COLABORADORA**

A entidade XEA actuará como entidade colaboradora na xestión, tramitación, distribución e entrega dos bonos.

A entidade colaboradora, fixará os días e horarios para a distribución das tarxetas bono que serán publicados na súa web e na concello de Ames.

Os solicitantes poderán mercar ou recargar as tarxetas previa presentación da documentación indicada nas bases

#### **DISPOSICIONS ADICIONAIS**

##### **Disposición adicional primeira**

Os beneficiarios de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

##### **Disposición adicional segunda**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ames do exercicio da convocatoria, na Lei 38/2003, xeneral de

subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

### Disposición adicional terceira

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames.

Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono “Ames Progresas”, de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames).

Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello na dirección electrónica [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

### ANEXO I

Convocatoria para a concesión de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono “Ames Progresas”
Solicitude de axuda a través das tarxetas- bono

Nome	
Apelidos	
DNI	
Dirección	
Teléfono	
Correo electrónico	

Vista a convocatoria de para a concesión de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono “Ames Progresas”,

### SOLICITO

Recarga Tarxeta-bono “Ames Progresas” por valor de 50€, dos que o Concello de Ames achegará 20€ e

a persoa beneficiaria achegará 30€.

- Recarga Tarxeta-bono "Ames Progresa" por valor de 100€, dos que o Concello de Ames achegará 40€ e a persoa beneficiaria achegará 60 €.
- Mercar arxeta-bono "Ames Progresa" por valor de 50€, dos que o Concello de Ames achegará 20€ e a persoa beneficiaria achegará 30€.

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para os efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e do artigo 24 do Real decreto 887/06, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, en relación á solicitude dunha axuda do Concello de Ames ao amparo da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento,

### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Estar ao corrente dos meus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non estar incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o meu acceso á condición de persoa beneficiaria dunha achega ao amparo da presente convocatoria, comprometéndome a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- Non obstante o anterior, e de conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na redacción dada pola Disposición Final Duodécima da Lei. 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereito dixitais, autorizamos ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria, Deputación, como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Someterme ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar o cumprimento das circunstancias requiridas para o acceso á axuda ao amparo desta convocatoria.

Asinado (solicitante)

### ANEXO II

Convocatoria para a concesión de axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono "Ames Progresa"
Condicións de adhesión e participación dos establecementos do municipio

### Condicións de adhesión e participación dos establecementos no programa de reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono "Ames Progresa"

#### Primeiro. Obxecto.

O obxecto do presente documento é establecer o procedemento e as condicións que han de reunir os establecementos para participar no programa de reactivación da economía do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono "Ames Progresa".

#### Segundo. Condiciones a cumprir polos establecementos participantes.



Poderán adherirse á campaña todos os comercios e locais de hostalería e restauración (CNAE 47 e 56) do termo municipal de Ames, excepto os espazos de gran distribución destinados á alimentación (hipermercados ou supermercados pertencentes a grandes cadeas), as estacións de servizo de combustible, as salas de xogo/ apostas. Quedarán tamén excluídos as farmacias e demais establecementos sanitarios, así como os estancos.

### **Terceiro. Adhesión dos establecementos ao programa de tarxetas bono “Ames Progresas”.**

Para que os establecementos adhíranse a esta iniciativa deberase utilizar o formulario de solicitude dirixido a esta iniciativa que se publicará na páxina web do Concello de Ames. No formulario de solicitude o solicitante autorizará ao Concello de Ames a verificar de oficio e de forma directa os requisitos que debe cumprir o establecemento para participar nesta iniciativa. As solicitudes deberán ser presentadas a través da sede electrónica do concello de Ames ( <https://sede.concellodeames.gal>). O prazo de presentación das solicitudes de adhesión estará aberto desde o día 15 de xaneiro de 2022 ata o día 15 de febreiro de 2022. A lista definitiva de establecementos adheridos será publicada tanto na páxina web do Concello de Ames como na páxina web da entidade colaboradora ([www.xuntanzadeempresariosdeames.gal](http://www.xuntanzadeempresariosdeames.gal)) a partir do día 01 de marzo de 2022.

### **Cuarto. Obrigas do establecemento adherido.**

Os establecementos adheridos comprométense a:

- Dispoñer dun terminal de punto de venda ( TPV) con datáfono para a realización da transacción de compra do produto ou servizo a través da tarxeta-bono “Ames Progresas”. A efectos da validación do TPV, o establecemento adherido deberá facilitar o número/ s de comercio de que dispoña ao Concello de Ames a través do formulario de solicitude de adhesión.
- A recepción e colocación dos materiais informativos do programa “Ames Progresas”, nun lugar visible do establecemento. Dita documentación consistirá en: ◦ Bases da campaña. ◦ Cartel/ adhesivo identificativo da mesma. • Dar a adecuada publicidade á iniciativa na súa web e redes sociais, se as tivesen, empregando, en todo caso, a imaxe oficial da mesma e o logo do Concello de Ames en toda comunicación que realicen vinculada coa devandita iniciativa.

Cumprir e velar polo cumprimento estrito das bases da campaña e comunicar ao Concello de Ames calquera incidencia ou mal uso das tarxetas bono que poidan observar nas súas instalacións.

No caso de producirse unha devolución dun produto mercado coa tarxeta, o establecemento emitirá un vale polo importe íntegro da compra para consumir no propio establecemento.

Recoller todos e cada un dos tickets das vendas realizadas coas tarxetas “Ames Progresas”, para facilitar a entidade XEA a finalización da campaña.

### **Quinto. Duración do programa.**

As tarxetas bono “Ames Progresas” poderán ser utilizadas en todos os establecementos comercias adheridos a iniciativa entre o 01 de marzo de 2022 e o 30 de abril de 2022

### **Sexto. Relación coas persoas beneficiarias do programa “Ames Progresas”**

As persoas beneficiarias poderán utilizar nos establecementos adheridos o saldo da súa tarxeta de forma total ou parcial, así como completar os pagos, se fose necesario, con outras formas de pago admitidas polo establecemento.

O establecemento non poderá, en ningún caso, devolver diñeiro en efectivo. En caso de devolucions de produtos que se adquiriron coa tarxeta o establecemento poderá cambialos por outro produto de prezo

igual ou superior, asumindo a persoa beneficiaria a diferenza.

### Sétimo. Protección de datos persoais.

Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación administrativa que requira a xestión do presente procedemento, de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de adhesión á iniciativa. A entidade colaboradora comunicará á entidade bancaria encargada da emisión das tarxetas-bono "Ames Progres" os seguintes datos relativos aos establecementos adheridos: nome comercial, tipoloxía de negocio, localización e número de comercio con que o TPV do establecemento está identificado no servizo de pagos.

Para estes efectos, as entidades adheridas, xa sexan persoas xurídicas ou negocios cuxo titular sexa un autónomo, autorizan expresamente á entidade colaboradora para comunicar os datos á entidade bancaria contratada para a emisión das tarxetas-bono, que tratará os datos que reciba coa finalidade de vincular as tarxetas bono "Ames Progres" emitidas aos establecementos e aos seus números de comercio con que os TPV estean identificados no servizo de pagos para a execución das correspondentes operacións de pago efectuadas coas devanditas tarxetas.

## ANEXO II

### CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN XUNTANZA DE EMPRESARIOS DE AMES PARA QUE ENTREGUE E DISTRIBÚAN OS BONOS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALERÍA DO CONCELLO DE AMES A TRAVÉS DAS TARXETAS BONO "AMES PROGRESA"

Dunha parte, D. José Blas Garcia Piñeiro, Alcalde do Concello de Ames, co N.I.F 52454964-Z, en representación da citada entidade, con CIF n.º P.15002001, con domicilio en Ames, Praza do Concello, 2, C. P. 15220, Bertamiráns

E doutra parte a D. Jorge López Penas , maior de idade, co N.I.F. 33.270.406Y na súa calidade de presidente/a da Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA) co CIF G15895527, á que representa no presente acto, con domicilio para os efectos de notificacións en Avda. Da Maía 38 baixo, 15220 Bertamiráns Ames (A Coruña).

Recoñecéndose ás partes de representación e competencia suficiente para subscribir o presente documento.

### EXPOÑEN

Que o Concello de Ames, ao amparo do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias para promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, a teor do disposto no artigo 294.2 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, poderá conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares nos casos nos que os servizos ou actividades dos mesmos complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local.

Por iso mesmo, de acordo co artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, os concellos poden aprobar axudas destinadas a paliar determinadas situacións económicas, sempre que estean motivadas e ligadas directamente cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus, xa que que non se considera exercicio de novas competencias " (...) a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de

emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública".

Que o Concello de Ames no contexto das accións a poñer en marcha para facer fronte ás consecuencias ocasionadas pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola pandemia COVID-19 impulsa o Plan "Ames Progresa" fronte aos efectos derivados da COVID-19 no que, entre outras accións, recóllese unha axuda económica para o impulso do comercio e a hostalería do municipio que se instrumentaliza a través dos tarxetas bono, vinculando dita axuda á adquisición de bens e servizos en calquera dos establecementos que se sumen á iniciativa.

Que o Concello de Ames debe contar cunha entidade colaboradora que dea soporte á xestión destas axudas, que se convoca mediante a aprobación das bases reguladoras correspondentes para a súa concesión a través da tarxeta bono "Ames Progresa".

Que a entidade Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA), conforme a resolución foi a entidade colaboradora seleccionada para a xestión das axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través dos tarxetas bono "Ames Progresa "

Que o Concello de Ames, conta coa entidade Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA), como entidade colaboradora que dará soporte á xestión das axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través dos tarxetas bono "Ames Progresa"

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración, que se desenvolverá de acordo con as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e instrumentación das axudas á reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono "Ames Progresa".

A instrumentación da axuda económica ás persoas beneficiarias farase efectiva a través das tarxetas adquiridas na anterior campaña de tarxetas Bono chamada "Reactiva Ames", As tarxetas activaranse unha vez que a persoa beneficiaria achegue o 60% do valor total da tarxeta e Xuntanza de Empresarios de Ames abone o 40% restante, e a posible compra dunha tarxeta por valor de 50 euros para a aquelas persoas que non participaron na primeira campaña unha vez que a persoa beneficiaria achegue o 60% do valor total da tarxeta e Xuntanza de Empresarios de Ames abone op 40% restante As tarxetas desactivaranse ao rematar a campaña. Poderán empregarse en mais campañas organizadas polo concello de Ames, e non caducarán ata o 31 de decembro de 2022.

A tarxeta bono "Ames Progresa" só poderá ser utilizada nos establecementos que se adheriron previamente á iniciativa, a través da web municipal do concello de Ames, identificando previamente os números de comercio cos que os TPV estean identificados no servizo de pagos.

0 Concello de Ames destinará 80,000 euros, que se distribuirán en:

75.000 euros destinados a incentivar as compras nos establecementos comerciais do concello, que se utilizarán a través das tarxetas bono "Ames progresa".

5.000 euros para o pago do persoal, gastos bancarios e demais gastos que supoñan a venda e distribución das tarxetas.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DAS PARTES

A entidade Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA), como entidade colaboradora do Concello de Ames para a instrumentación e xestión das axudas a reactivación económica do comercio e a hostalería do Concello Ames a través das tarxetas bono "Ames Progresa" asume, por unha banda, a colaboración no procedemento de adhesión dos establecementos comerciais e de hostalería do municipio á iniciativa e, por outra banda, a efectividade do pago da axuda ás persoas beneficiarias a través da activación da tarxeta bono

correspondente.

A dinámica da colaboración será a seguinte:

A entidade colaboradora XEA contratará a unha entidade financeira que se responsabilizará de xestionar a relación de establecementos adheridos á iniciativa, para que esta vincule o número de comercio con TPV do establecemento, de forma que o establecemento estea identificado no servizo de pagos coas tarxetas bono "Ames progresas".

As solicitudes para ser beneficiaria/o da axuda a través das tarxetas-bono "Ames Progresas" deberanse presentar de maneira presencial nos lugares habilitados pola entidade colaboradora, que serán publicados tanto na páxina web do Concello como na páxina web da entidade colaboradora

A entidade colaboradora, unha vez comprobados os datos da persoa beneficiaria e sendo realizado o pago da contraprestación correspondente por parte desta, procederá a activar a tarxeta e cargar na tarxeta o 40% correspondente a axuda municipal dispensándolle a tarxeta bono por ela solicitada.

### TERCEIRA. COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Ames comprométese a

Librar o crédito suficiente para levar a cabo a carga inicial dos tarxetas bono polo 40% do valor das mesmas e transferir o importe á conta bancaria habilitada para o efecto pola entidade colaboradora (80.000 euros).

Este importe será anticipado polo Concello unha vez asinado o convenio sen necesidade de que se garanta o importe da achega pola entidade colaboradora tendo en conta que a cantidade se xestiona por unha entidade sen ánimo de lucro, e a necesidade de que se proceda a carga das tarxetas no momento da súa activación.

A entidade colaboradora XEA comprométese a:

Colaborar co Concello no procedemento de adhesión dos establecementos comerciais e de hostalería á iniciativa conforme ao disposto no anexo I das bases reguladoras da axuda. O prazo de presentación das solicitudes de adhesión estará aberto dende o día 15 de xaneiro de 2022 ata o día 15 de febreiro de 2022

Contratar a unha entidade financeira que se encargará de xestionar a relación das tarxetas cos comercios adheridos e falcitar os datos correspondentes aos gastos realizados por comercio coas características establecidas no presente convenio.

- Habilitar unha conta bancaria específica na que se realizarán os ingresos e pagos da subvención.
- Habilitar puntos de dispensación de tarxetas e levar a cabo a activación das mesmas ás persoas beneficiarias.
- Levar o cobro do 60% do valor da tarxeta que realizarán as persoas beneficiarias.
- Levar a cabo a carga do 40% do valor da tarxeta correspondente a achega municipal
- Comunicar ao Concello de Ames, á finalización do prazo establecido para a activación e dispensación dos tarxetas bono, o número de tarxetas bono dispensadas por tipoloxía e a relación de beneficiarios que a adquiriron ou recargarón tarxetas.
- Presentar ao Concello de Ames a xustificación dos gastos realizados polas persoas beneficiarias mediante as tarxetas prepago, e todos aqueles gastos correspondentes a persoal contratado ou gastos administrativos derivadas das obrigas do presente convenio
- O prazo para presentar a conta xustificativa da subvención remata o 15 de decembro de 2022. Para elo presentará a seguinte documentación:
  - Relación das persoas beneficiarias e o importe dos bonos adquiridos, importe gastado, importe devolto e importe pendente de devolver no seu caso.
- Informe relativo ao uso das tarxetas, días en que se realizou o gasto, establecementos adheridos e importes gastados en cada establecemento comercial, e tickets de venda de cada unha das

vendas realizadas coas tarxetas “Ames Progresa”, e calquera outra información que se lle solicite relacionada coa subvención.

- Devolver ao Concello de Ames a contía correspondente á axuda que non fose gastada polas persoas beneficiarias conforme se establece nas bases reguladoras da axuda, ou calquera cantidade sobranse mediante transferencia bancaria no seguinte número de conta ES76 2080 0317 7031 1000 0116.
- Cumprir cos requisitos e obrigacións impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

#### CUARTA. CARACTERÍSTICAS DAS TARXETAS

As tarxetas que se poderan recargar son as correspondentes a campaña de tarxetas Bono Reactiva Ames 2021, do mesmo xeito adquiriranse 500 tarxetas bono novas que poderan ser recargadas con 50 € para novos beneficiarios. As tarxetas contan coas seguintes características

- Tarxetas prepago
- Tarxetas con banda magnética
- Non permitirá a retirada de efectivo en caixeiros
- Permitirá a consulta de saldo e movementos gratuíta a paxina web <https://www.damemisaldo.com/gl/>
- Tarxetas prepago de 50 € e 100 € de achega compartida:
  - o usuario ao cargar un cartón por 30€ ten á súa disposición +20€ para compras na rede de comercios adheridos á iniciativa, contando así con un total de 50€.
  - o usuario ao cargar un cartón por 60€ ten á súa disposición +40€ para compras na rede de comercios adheridos á iniciativa, contando así con un total de 100€.
- A achega adicional (axuda pública) súmase de forma automática e instantánea na activación da tarxeta.
- 
- A activación das tarxetas levararase a cabo por parte de XEA a través dos TPV que a entidade financeira porá ao seu dispor para o efecto.
- 
- As tarxetas poderanse reutilizar noutras campañas que poña en marcha o Concello de Ames e terán unha caducidade ata 31 de decembro de 2022.

#### QUINTA. OPERATIVA DAS TARXETAS

A activación das tarxetas, tanto a recarga como a compra dunha tarxeta nova, realizarase de forma individualizada por parte de XEA, logo da comprobación dos datos da persoa beneficiaria e previo pago da cofinanciación correspondente ao 60% do valor da tarxeta solicitada.

A activación das tarxetas realizarase nos puntos de distribución que determine a entidade colaboradora XEA e que serán publicitados tanto na páxina web do Concello de Ames como na web da asociación.

**SEXTA.** Os fondos que financian este convenio consignados na aplicación orzamentaria 4312.48000 do orzamento municipal de 2021 abonaranse a entidade colaboradora:

- Unha vez que se proceda a firma e subscripción do presente convenio.

Unha vez presentada declaración responsable ao obxecto de acreditar o cumprimento do establecido no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e nos artigos 18 a 29 do Regulamento de Subvencións.

Os fondos só poderán ser destinados pola entidade colaboradora para os fins deste convenio. Dende que se produza a entrega de fondos os mesmos quedarán depositados na conta bancaria da entidade



colaboradora aberta para esta finalidade.

**SÉTIMA.-** Os libros e rexistros contables específicos que debe levar a "entidade colaboradora para facilitar a adecuada xustificacións da subvención e a comprobación das condicións establecidas, serán os que procedan segundo a normativa vixente.

**OITAVA.-** As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

### **NOVENA.- VIXENCIA**

O presente convenio terá unha vixencia dende o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2022.

### **DÉCIMA.-PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes asinantes están obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal dos que sexa destinatario o Concello de Ames na tramitación deste convenio, serán tratados polo mesmo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O Concello de Ames cederá os datos persoais de conformidade co estipulado no parágrafo anterior, e garante de forma expresa:

- Que os únicos datos de carácter persoal que comunicará á entidade XEA serán os de nome, apelidos, DNI, número de teléfono móbil e email de cada unha das persoas beneficiarias do cartón bono "Ames progresa".
- Que unicamente efectuará dita comunicación de datos de carácter persoal á entidade XEA mediando a previa, expresa e inequívoca autorización de cada unha das persoas titulares de tales datos
- Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade constará por escrito.
- Que as autorizacións solicitadas polo Concello serán debidamente custodiadas polo mesmo e atoparanse en todo momento ao dispor da entidade.

A entidade colaboradora XEA, como encargada do tratamento de datos, garante expresamente, respecto os datos de carácter persoal que lle sexan comunicados polo Concello no ámbito deste convenio:

Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar á súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. En todo caso, ditas medidas serán as establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

- Que non os comunicará a terceiras persoas.
- Que gardará o secreto profesional respecto dos mesmos
- Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** Para o non previsto neste convenio estrase ao disposto na Lei Xeral de Subvencións e no seu Regulamento.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** Crease unha Comisión mixta de seguimento co obxecto de levar a cabo o seguimento, control e coordinación das actuacións previstas neste convenio de colaboración, así como a



resolución das cuestións que puidesen suscitarse durante a súa vixencia en relación coa interpretación e o cumprimento do mesmo. Estará integrada por dúas persoas designadas polo Concello de Ames e outras dúas designadas pola Xuntanza de Empresarios de Ames. A Comisión será presidida polo Concello de Ames.

O funcionamento desta Comisión rexeráse polas normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Esta comisión entenderase constituída cando comparezan, presentes ou representadas, catro membros, os cales, segundo os asuntos que se vaian a tratar, poderán facerse acompañar por outras persoas que puidesen ser especialistas e asesorar a cada unha das partes na resolución adecuada de cada asunto. Estas últimas non terán capacidade de voto

As funcións desta comisión serán interpretar o convenio, seguir a súa execución, resolver sobre cuestións non previstas e, en definitiva, velar pola súa aplicación.

As reunións terán lugar cando os membros da comisión de seguimento o decidan.

Das reunións levantaránse actas pola persoa que actúe como secretaria, e serán asinadas polos catro membros.

Os acordos da comisión de seguimento e control deberán ser adoptados por unanimidade.

Ames, decembro de 2021

Alcalde do Concello de Ames

Presidente de Xuntanza de Empresarios de Ames

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do primeiro tenente de alcalde, en Ames, a 30 de decembro de 2021, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O primeiro tenente de alcalde

A secretaria

Alcalde por delegación (Decreto 4045/2021)

David Santomil Mosquera

Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
30/12/2021 DCAFAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
30/12/2021 2298F3ED426B67361E08616BAFB22DC9DEC69E0

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde por delegación

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26F4B95D1D6A9184EB9